

¿Cómo contactar?

Solidaridad Intergeneracional

Teléfono gratuito: 900 101 332

sigalicia@solidaridadintergeneracional.es

www.solidaridadintergeneracional.es

www.efamilia.es

Tamén a través das oficinas compartidas co SLG

Colabora:



Financia:



XUNTA
DE GALICIA

Realiza:



Solidaridad
Intergeneracional



Solidaridad
Intergeneracional



**ATENCIÓN SOCIAL DE PROXIMIDADE:
PERSOAS MAIORES, DEPENDENTES, FAMILIAS**

En Galicia viven 2.708.339 persoas, das cales 666.000 teñen máis de 65 anos e representan un 24,58% do total da comunidade, ocupando o terceiro lugar no ranking estatal; 237.227 son persoas con 80 e máis anos e supoñen o 8.75% da poboación total.

Un trazo que caracteriza o envellecemento é a súa feminización. Pero é a partir dos 80 anos cando estas diferencias se incrementan extraordinariamente, por ser máis lonxevas as mulleres, pero con maior necesidade de cuidados e de apoio ante a soidade.

A aprendizaxe continua mellora a capacidade de envellecer con saúde, de actualizar coñecementos, de adquirir destrezas e habilidades que serán necesarias para afrontar esta nova e longa etapa da vida de maneira saudable, satisfactoria, responsable, colaboradora e competente.

Vivir na casa!

Require de contornos domiciliarios e comunitarios accesibles e amigables, e unha ampla gama de servizos de proximidade e acción coordinada co sistema sanitario e social, e o apoio procedente do medio familiar.

Onde se vai realizar?

No medio rural de Galicia das provincias de Pontevedra e de Ourense, priorizando aqueles concellos con convenio de colaboración ou con sede que compartimos co Sindicato Labrego Galego.



Que ofrece este programa?

Mellorar a calidade de vida das persoas maiores rurais, dependentes e das súas familias cuidadoras a través de servizos gratuitos, que capacitan en destrezas e habilidades para o cuidado e o autocoidado.



Cales son os servizos principais?

01 DIVULGACIÓN E SENSIBILIZACIÓN NO MEDIO RURAL a través de actividades e materiais informativos.

02 SERVIZO DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO, XESTIÓN E CONSULTORÍA SOBRE SERVIZOS SOCIAIS E DE SAÚDE. Consta de atención telefónica, presencial e online nas sedes e nos lugares onde se realizan as actividades programadas, Contamos cun portal de Servicios Sociais www.solidaridadintergeneracional.es aberto as 24 horas do día, todo o ano.



Quen pode participar?

Persoas maiores, dependentes e familiares cuidadores/as do medio rural de Galicia

03 SERVICIOS DE PROMOCIÓN DO "ENVELLECIMIENTO SAUDABLE NA CASA" perseguen ofrecer unha atención integral centrada na persoa e nun contorno favorable e son:

01 SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA PERSONALIZADO para persoas dependentes e cuidadores/as co propósito de darlles apoio para afrontar a difícil situación, con sosego e responsabilidade, aprendendo a adaptarse ás circunstancias que xurdan.

02 SERVIZO DE FISIOTERAPIA. Para persoas maiores, dependentes, co fin de previr, diagnosticar e tratar as diversas patoloxías que lles afectan con tratamentos personalizados. Actuarase a nivel individual, e facilitarase coñecementos e destrezas a cuidadores/as principais.

04 SERVIZO DE ASESORAMENTO PARA A ADAPTACIÓN DA VIVENDA en función das limitacións presentadas en cada caso para conseguir unha casa accesible para toda a vida.

05 SERVIZO DE FORMACIÓN PARA O ENVELLECIMIENTO ACTIVO E A PROMOCIÓN DA APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA adaptado ás necesidades do colectivo para o mantemento das habilidades e destrezas e previr ou retrasar a aparición dos déficits asociados ao envellecemento non patolóxico. Os obradoiros poderán ser:

- Obradoiros de adestramento da memoria, psicomotricidade, risoterapia, de informática aplicada á vida diaria, de prevención da dependencia, xerontoximnasia e de saúde, alimentación e exercicio, formación de voluntariado, etc.

06 Servizo de acompañamento e de respiro familiar, durante períodos acoutados de tempo, en situacións de urxente necesidade debido a algunha continxencia, hospitalización, convalecencia, formación de cuidadores/as, enfermidade prolongada de cuidadores/as familiares que se fan cargo da persoa dependente no enderezo onde residan.

07 Rede veciñal de voluntariado para favorecer o apoio mutuo e incentivar o acompañamento a persoas dependentes con familiares cuidadores/as, que visitará coa frecuencia acordada coa familia.